

MÁIS ALÓ DO OBVIO: UN NOVO ENFOQUE PARA A CONCEPCIÓN DA HISTORIA

MASTERCLASS A CARGO DE ANTOINE LE BOS,
DIRECTOR DE LE GROUPE OUEST, DENTRO
DAS ACTIVIDADES DO EUROPEAN WRITERS CLUB

 **3 de xuño, 17.00 horas**

 **Centro Cultural Marcos Valcárcel (Salón de actos)**
Rúa do Progreso, 30, Ourense

CONFIRMAR ASISTENCIA



Le Groupe Ouest, European Film Lab, establecido nas costas do oeste de Bretaña (Francia), está a ser un espazo de referencia en Europa polos seus resultados a nivel internacional, asesorando máis de 200 guionistas de máis de 50 países cada ano e impulsando aclamadas películas gañadoras de premios en Cannes, Sundance, Berlín, Venecia ou San Sebastián.

Le Groupe Ouest tamén se converteu nun laboratorio único para novos enfoques na arte de escribir guións e a concepción de historias. Traballando xunto con investigadores no campo da neurociencia cognitiva, así como da antropoloxía ou a socioloxía, o equipo de Le Groupe Ouest sentiu a necesidade de xerar novas ferramentas de desenvolvemento en Europa, que permitan a guionistas e produtores gañar tempo e coherencia para chegar ao núcleo dun proxecto de película ou serie.

Prewriting (preescritura) é un dos seus enfoques centrais testado en dúcias de países mediante o LIM (Less Is More, programa europeo de desenvolvemento de longametraxes), así como a través dos módulos *Boosting Ideas* do European Writers Club, entre outras plataformas.

Antoine le Bos (director artístico de Le Groupe Ouest e LIM - Less Is More, European Film Lab) afondará no proceso de desenvolvemento do guión, observando a diferenza entre as fases de concepción e escritura e propoñendo ferramentas metodolóxicas para acelerar o proceso creativo. Entre estas ferramentas, veremos máis de preto como a fase de preescritura pode mellorar tanto a creatividade como a consistencia da historia.

A sesión impartirase en inglés e está dirixida a guionistas, directores/as, produtores/as e profesionais da creación audiovisual.

É preciso confirmar asistencia no correo audiovisual.agadic@xunta.gal e, de ser o caso, indicar a petición de tradución simultánea.

Ao remate da masterclass servirase un cóctel.

